

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA EDIUS

RESOLUCIÓN DE RECURSOS CONTRA A PROCLAMACIÓN PROVISIONAL DE CANDIDATOS/AS E PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE CANDIDATOS/AS

De conformidade co Regulamento Electoral Xeral da USC e a convocatoria de eleccións de representantes no Comité de Dirección da EDIUS aprobada por acordo da Comisión Electoral Central do 5 de marzo de 2021, e vistos os recursos presentados contra a proclamación provisional de candidatos/as,

A COMISIÓN ELECTORAL CENTRAL ACORDA:

1. **ESTIMAR** a solicitude de inclusión na agrupación Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) de dona Iria de Dios Flores.
2. **PROCLAMAR CANDIDATOS/AS** ás persoas que constan nas listaxes anexas con indicación do sector no que presentaron candidatura.
3. **DISPOÑER A PUBLICACIÓN** na web e nos taboleiros electorais da relación definitiva de candidatos/as, así como do presente acordo.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, os interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia Comisión Electoral Central. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas..

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2021

(Por autorización do presidente da Comisión Electoral Central)

A secretaria xeral



Duque M^a García Mella

Secretaría Xeral, Decanos/as e Directores/as de Centro, Directores/as de Departamento, Taboleiros electorais